



CEIP MANUEL MASDÍAS
(FERROL)

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

CURSO ACADÉMICO
2020/2021

ÍNDICE

- 1. Introducción.**
- 2. Marco legal.**
- 3. Marco teórico.**
- 4. Xustificación baseada no contexto.**
- 5. Necesidades que determinan o noso plan.**
- 6. Competencias a desenvolver dende a titoría e obxectivos.**
- 7. Contidos.**
- 8. Propostas de actividades.**
- 9. Seguimento e avaliación do PAT.**

1. Introducción

A función titorial é parte da actividade orientadora. Esta é unha actividade fundamentalmente práctica, pero require dun corpo de coñecementos cos que orientar o que fai, como o fai, con que o fai e para que o fai. Así mesmo, correspóndese coa función orientadora que se realiza a nivel aula por parte do profesorado titor co seu alumnado.

Desde o Departamento de Orientación temos a responsabilidade de elaborar o Plan de Acción titorial tal e como ven recollido na Orde do 24 de xullo de 1998 e no D.120/1998, do 23 de abril, polo que se regulan os aspectos de organización e funcionamento dos Departamentos de Orientación, recollendo aquelas liñas prioritarias que definirán a función titorial por parte do profesorado titor.

Cabe destacar que unha parte ineludible da función orientación e, neste caso, da función titorial é consolidar o “saber facer emocional”. Ademais desta, hai outras funcións do profesorado recollidas no artigo 91 da LOE/LOMCE relacionadas coa orientación ao alumnado:

- A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
- A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, de ser o caso, cos servizos ou departamentos especializados.
- O profesor, e máis especificamente o titor, é o que “orienta aos alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo” (Artigo 80º h do D 374/1996, do 17 de outubro).
- A acción titorial será a responsable da orientación do alumnado, sen prexuízo das competencias e a necesaria coordinación co Departamento de Orientación. (Art. 17º D 105/2015, de 9 de setembro).
- A función do orientador é a de ASESORAR e APOIAR ao mestre, nunca suplantaló.

Nesta liña, o DO elaborará as propostas do plan de orientación académica e do plan de acción titorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado

e ofrecéndolle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

Máis concretamente este artigo 91 da LOE/LOMCE recolle como responsabilidades do mestre-titor/a as seguintes:

- A programación e a ensinanza das áreas, materias e módulos que teñan encomendados.
- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación do proceso de ensino.
- A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación do seu aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
- A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, no seu caso, cos servizos e departamentos especializados.
- A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.
- A promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro e fora do recinto educativo, programadas polo centro.
- A contribución a que actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto, tolerancia, participación e de liberar para fomentar nos alumnos os valores dunha cidadanía democrática.
- A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas, así como a orientación para a súa cooperación no mesmo.
- A coordinación das actividades docentes, de xestión e de dirección que lles sexan encomendadas.
- A participación nas actividades xerais do centro.
- A participación nos plans de avaliación que determinen as Administracións educativas ou os propios centros.
- A investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de ensinanza correspondente.

Deste modo, as función titoriais englobaríanse en catro tipos:

1. Funcións relativas á mediación nas relacións co entorno, a familia e o centro.
2. Adecuación e personalización das ofertas educativas adaptándonos ás necesidades do alumnado diverso que temos dentro das nosas aulas, tal como se recolle no D.229/2011.
3. Coordinación do procedemento avaliador, xa que se converte no representante do alumnado, do que é titor.
4. Detección e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.

Polo tanto, o Plan de Acción Titorial, será o marco no que se desenvolvan as actuacións do profesorado, na relación cos alumnos, as familias, polo que tódolos profesores, deben estar implicados na planificación, aplicación, avaliación e continua revisión do Plan de Acción Titorial.

2. Marco legal

- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos colexios de Educación Primaria e dos colexios de Educación Infantil e Primaria, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, do 23 de abril.
- Decreto 105/2014, do 7 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 9 de xuño pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado de Educación Primaria.
- Orde do 25 de xuño de 2009, polo que se regula a implantación, o desenvolvemento, e a avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Marco Teórico

A acción titorial na Educación Infantil e Primaria realízase mediante tres vías de atención principalmente:

- A acción diaria dos docentes na aula mediante os elementos curriculares: tódalas áreas contemplan procedementos, estratexias, normas e valores, metodoloxía, tipos de agrupamentos do grupo... Estes elementos contribúen ao desenvolvemento da maior parte dos obxectivos da acción titorial, pero tamén mediante o que se denomina currículo oculto: os valores e modelos que os profesores transmitimos mediante as nosas actuacións e coas nosas actitudes.
- A educación en valores, con carácter transversal concretadas no proxecto curricular.
- As actividades específicas recollidas no Plan de Acción Titorial.

O Plan de Acción Titorial é un documento que forma parte do Proxecto Educativo e onde especificamos os criterios de organización e funcionamento da acción titorial.

Debe fixar un conxunto de actividades introducidas no currículo, de forma expresa, atendendo ás necesidades dos nosos alumnos e dirixidas a eles. De modo parello, que se atope no desenvolvemento da súa zona de desenvolvemento próximo, que incidan no seu aprendizaxe, non descontextualizadas. Secuenciadas no tempo, e estruturadas segundo a quen van destinadas as accións, ben sexa equipo educativo, alumando ou familias.

Así mesmo, tódolos profesores do cento teñen a responsabilidade de levar a cabo tarefas de acción titorial, coordinándose co resto do equipo de docente e en colaboración coas familias.

Ademais, a acción diaria do profesor/titor pode verse complementada pola aplicación de actividades ou programas de actividades en tempos específicos, e deseñadas segundo as necesidades do noso centro, e en concreto de cada un dos cursos e etapas.

O PAT, ten como finalidade, contribuír e axudar á consecución dos obxectivos educativos establecidos no Proxecto Educativo, desenvolvendo actividades específicas

en tempos concretos.

Aínda que a maioría das actividades poden integrarse na programación de área, outras precisan un tempo específico planificado de antemán. Estes tempos pódese establecer libremente o titor tratando de planificar un tempo semanal para a aplicación das actividades do PAT, buscando o menor prexuízo das outras áreas.

No proxecto a función titorial, farase especial fincapé ao carácter personalizado, individualizado, integral e diverso do ensino, fronte á parcelación en áreas e a desaparición do individuo no grupo, segundo os **principios** de:

- **Personalización:** realizar unha educación integral da persoa como tal, para ao desenvolvemento da personalidade de cada un.
- **Individualización:** edúcase á persoas concretas, coas súas características propias, para conseguir o desenvolvemento dunha personalidade correcta.
- **Inclusión:** edúcase a persoas completas, integrando os diferentes ámbitos de desenvolvemento e as liñas educativas, en contraposición á parcelación educativa ou de de coñecementos.
- **Diversificación:** edúcase axustando o ensino á necesidade educativa do alumnado, mediante a aplicación, nun primeiro momento, das medidas ordinarias que se recollen no D. 229/2011, que regula a atención á diversidade (modificación de tempos, espazos ou materiais, adecuando a axuda pedagóxica do profesorado con dispoñibilidade horaria, modificando os procedementos e instrumentos de avaliación...). Pero tamén, contamos coas medidas extraordinarias, como sería a atención dos especialistas de PT e AL, as Adaptacións curriculares, as flexibilizacións, entre outras.

4. Xustificación baseada no contexto.

O noso centro é un CEIP situado no Concello de Ferrol, no barrio de Caranza. Nos últimos anos conta cun número de alumnado escolarizado que ronda unha cantidade 126 nenos e nenas.

Contamos cun Departamento de Orientación. Este componse pola xefa do DO cun perfil de afín en Pedagogía Terapéutica, unha especialista de AL e unha especialista de PT; todas elas a tempo completo no centro.

No CEIP escolarízase alumnado bastante diverso e que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo, destacando aquel con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais e de historia escolar (saúde, minorías étnicas (aproximadamente un terzo da poboación escolar total é de etnia xitana), situación sociocultural desfavorable...), o cal presenta moitas dificultades de aprendizaxe e baixos resultados académicos. Considerando isto, podemos dicir que a acción tutorial é fundamental para garantir unha ensinanza de calidade.

5. Necesidades que determinan o noso Plan.

En primeiro lugar, debemos destacar que a existencia dunha persoa que exerza a titoría nun grupo está xustificada por diversas razóns sendo entre outras as seguintes:

- A pluralidade de mestres que interactúan con cada grupo de alumnos.
- A recollida de múltiples obxectivos educativos en diversas persoas.
- A necesidade de intervención dos titores para a detección das necesidades específicas de apoio educativo, a elaboración das adaptacións curriculares das áreas que imparte co alumnado que o precise, así como a coordinación do proceso de avaliación do seu grupo...
- A necesidade de coñecer as circunstancias sociais, familiares e escolares dos alumnos dentro do grupo clase.
- A necesidade de coñecer a vida interna do grupo, como persoas individuais que conviven nunha realidade.

Este Plan de Acción Titorial, nace como revisión da acción educativa do centro e como necesidade de modificación do anterior Plan de Acción Titorial.

As necesidades que podemos encontrar para determinación do noso plan son as seguintes:

- **A necesidade de personalizar a educación:** con accións encamiñadas a coñecer ao alumnado, creación de altas expectativas pero sempre de modo realista, adecuación do proceso de ensino- aprendizaxe ao alumno e sobre todo realizar un seguimento personalizado.
- **Dar resposta á singularidade educativa do alumnado:** priorizar a prevención: coñecendo a súa historia persoal, familiar e escolar; tendo en conta os aspectos socio- familiares que favorecen e dificultan o progreso na aprendizaxe; realizar un currículo mais flexible; partindo sempre dunha intervención temperá. Deste modo, identificaremos as necesidades educativas reais e deseñaremos as medidas concretas oportunas: tanto curriculares, como organizativas.

- **Educación integral:** dende a planificación coherente, de obxectivos integradores (cognitivos, afectivos, motrices, de adaptación e desenvolvemento persoal e académico e social).
- **Coordinación das/os responsables:** coordinación do equipo directivo e dos titores; coordinación dos elementos internos do centro cos servizos externos que traballan cos nenos.
- **Coordinación intercurso e interetapa:** facilitar o ingreso no centro, cunha dobre actuación coa familia e co alumnado. Mediación no tránsito de ciclo e etapa. Acollida dos alumnos do centro adscrito.

6. Competencias a desenvolver dende a titoría e obxectivos.

Dende a titoría, coordinaranse e dinamizaranse as competencias educativas que son comúns en tódalas áreas, colaborando con tódolos axentes implicados na comunidade educativa.

1. Social e cívicas.
2. Aprender a aprender (CAA)
3. Autonomía e iniciativa persoal (para Educación Infantil tal como se recolle no anexo II do D. 330/2009) e sentido da iniciativa e espírito emprendedor (para a Educación Primaria, tal como se recolle no D.105/2014).

OBXECTIVOS DA TITORÍA FORMULADOS EN TERMOS DE COMPETENCIAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS CLAVE RELACIONADAS		
		1	2	3
Participar na vida de aula, de modo que sexa quen de tomar parte de actividades e decisións, que teñan que ver co seu funcionamento, normas de convivencia, modo axeitado de comportarse, mostrando sempre una actitude responsable, respectuosa e crítica.	<ul style="list-style-type: none"> - Manifesta opinións e toma parte activa nas propostas do seu grupo. - Participa nas actividades propostas polo equipo docente e non docente. - Toma conciencia de ser parte de un grupo para a realización de tarefas comúns. - Cumpre as normas de convivencia. 	X	X	X
Relacionarse coas persoas da contorna mostrando sempre, colaboración, escoita e comunicación, para que valore e sexa capaz de xogar, divertirse e traballar con outros.	<ul style="list-style-type: none"> - Escoita e respecta aos seus compañeiros na realización de actividades en grupo. - Móstrase dialogante cando non todos pensan igual, e argumenta a súa posición. - Colabora e axuda a avanzar nas tarefas de grupo. - Comunícanse de forma asertiva cos membros da comunidade educativa. - Participa e goza xogando cos demais. 	X		X
Converterse en cidadáns activos da súa sociedade mostrando unha actitude crítica ante situacións de inxustiza, violencia... recoñecendo e respectando	<ul style="list-style-type: none"> - Comunica a súa opinión ante situacións inxustas, en relación aos iguais e aos adultos. - Mostra actitudes de solidaridade 	X	X	X

<p>a pluralidade nunha sociedade tan cambiante como a actual.</p>	<p>coa xente da súa contorna.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valora e mostra interese ante a diversidade, tanto social como cultural. - Respecta ao demais, dirixíndose adecuadamente. 			
<p>Iniciarse nos procesos de metacognición, como somos capaces de aprender, non quedándose unicamente no rendemento escolar, senón aprendendo a reflexionar como aprenderon.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Adquisición de autoconfianza para a realización das tarefas. - Valoración do erro como un paso máis do proceso educativo, non tomalo como un punto de inflexión, senón como un inicio de aprendizaxe. -Emprega a axenda coma organizador. - Coida e mantén organizados os materiais escolares. - Organiza o seu tempo en función das obrigas, de modo que realiza as tarefas que lle son encomendadas. - Busca e selecciona información. - Pregunta cando ten dúbidas. 		X	X
<p>Tomar decisións con criterio ante as experiencias e situacións conflitivas da vida cotiá, tomando decisións con autonomía e respecto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica situacións conflitiva da vida cotiá. -Ten criterio para tomar postura ante as situacións conflitivas da aula. - Mostra unha opinión argumentada ante acontecementos e situacións problemáticas dentro e fora da aula (patios, corredores...) - Móstrase dialogante cando non está de acordo en algo cos seus compañeiros. 	X	X	X

7. Contidos.

Desenvolvemento persoal:

1. Autoestima.
 - Autoconcepto
 - Expectativas propias e alleas.
 - Autorregulación da conduta.

 2. Os sentimentos e as emocións.
 - Recoñecemento e identificación dos sentimentos e emocións, tanto propios como alleos.
 - Expresión de sentimentos e emocións.
 - Autorregulación de sentimentos.
 - Desenvolvemento de empatía.

 3. Identidade persoal.
 - Identidade de xénero.
 - Identidade cultural....

 4. Potenciación das capacidades
 - Diferenzas en capacidades e intelixencias. Toma de conciencia dos puntos febles e fortes.
 - Respecto polas diferencias das persoas.
-

As relacións cos demais, a comunicación e o traballo en equipo, así como a resolución de problemas.

1. O grupo.

- Aprendizaxe cooperativo e non competitivo.
- A acollida (en xogos de coñecemento, distensión e confianza...)
- Integración no grupo.

2. As relacións cos outros.

- Normas de convivencia e disciplina.
- Organización e funcionamento da clase. Xogos cooperativos.
- O diálogo como primeira resposta.
- Potenciación do grupo-aula.

3. Habilidades sociais.

- Habilidades comunicativas (asertividade, agresividade, pasividade...)
- A empatía

4. O conflito

- Estilos para a resolución do mesmo: competición, cooperación, acomodación, sumisión...
- Estratexias de resolución de conflitos: mediación, axuda entre iguais...

O proceso de aprendizaxe.

1. Organización e planificación do estudo.

2. Motivación, esforzo e rendemento.

3. O erro como unha parte indispensable do proceso educativo.

4. Estratexias para ensinar a pensar nas distintas áreas.

8. Propostas de actividades.

8.1. Actividades de acollida e integración de alumnos/as.

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	ACTIVIDADES	DATA
1. Revisar informes facilitados polo DO e os informes proporcionados en secretaría para alumnado de nova incorporación ao centro.	Recollida de información do expediente do alumno no caderno do titor.	Mestre -titor/a	Lectura de expedientes de secretaría e do DO.	Días previos ao comezo das clases en setembro.
2. Coñecer as características persoais, familiares, ambientais e escolares do alumnado ao que titoriza o mestre/a	Coñecer e informar sobre as NEAE do alumnado do seu grupo-clase e sobre as medidas de atención á diversidade ao equipo docente que imparte clase ao grupo.	Mestre -titor/a	Reunións de coordinación coa xefatura do DO, especialistas de PT e AL, así como o resto do profesorado.	Días previos ao comezo das clases en setembro e no inicio das mesmas.
	Coñecer a situación persoal -familiar do alumno/a para favorecer o seu proceso de ensino-aprendizaxe.	Mestre -titor/a		Ao longo do curso.
	-Propoñer respostas educativas, se procede, e/ou buscar apoio e asesoramento especializado, se procede.	Mestre -titor/a		Ao longo do curso.
3. Completar a avaliación inicial do grupo-aula.	Aplicación da avaliación inicial (nivel de competencia curricular, estilo de aprendizaxe, dificultades e necesidade de recibir apoio).	Titor/a mestres especialistas.	Probas de nivel. Observación das interaccións. Dinámicas de grupo para o coñecemento das relacións sociais, gustos e intereses.	Setembro ou coa incorporación dun alumno/a novo a o centro.
4. Facilitar a toma de contacto así como a	Acollida e información.	Titor/a mestres		setembro

integración e a participación do alumnado no centro, na aula, co grupo, cas instalacións e recursos e, tamén co resto de profesorado.		especialistas.		
5. Explicar as normas de organización e funcionamento de aula e centro e as normas de comportamento.	Normas de comportamento. Consecuencias positivas e negativas ante o cumprimento e incumprimento das mesmas.	Titor/a mestres especialistas.	Sesións iniciais en aula ordinaria.	Setembro e ao longo do curso académico.
6. Relación e comunicación coas familias.	Acollida ao alumnado de 3 anos. Periodo de adaptación.	Titor/a.	Entrevista inicial individual coas familias para completar a información dos datos de titoría e comprobar que os que dispón o centro son correctos.	Setembro e Outubro.
	Actividades de acollida para o alumnado de nova incorporación e estranxeiro.	Titor/a Equipo docente	Seguimento das directrices do Plan de acollida levado a cabo pola Consellería de Educación.	No momento de chegada ao centro.
7. Revisar as faltas de asistencia e puntualidade no XADE.	Controlar a asistencia e puntualidade. Rexistrar no XADE as faltas xustificadas. Aplicar protocolo de absentismo cando proceda. Informar ás familias e á Xefatura de Estudos segundo os protocolos establecidos.	Titor/a. Xefatura de estudos.		Ao longo do curso escolar.

8.2. Actividades para a mellora das relacións escola- familias.

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	ACTIVIDADES	DATA
1. Coñecer información sobre o ámbito familiar.	Atención a pais unha hora a semana. Titorías trimestrais. Contactos coas familias para facer seguimento do progreso do seu fillo/a.	Mestre-titor/a. Titorías		Ao longo do curso segundo as necesidades. Mínimo unha titoría por trimestre.
2. Acollida grupal ás familias.	Reunión grupal ao inicio do curso coa finalidade de explicar normas, Protocolo COVID, uso de recursos, programación dos contidos a traballar, metodoloxía...	Mestre-titor/a.		Ao inicio de curso.
3. Informar ás familias sobre o proceso educativo, implicándoas na educación dos seus fillos/as, unificando criterios e liñas de actuación a seguir, garantindo a coherencia nas intervencións.	Reunións xenerais. Entrevistas individuais. Intercambio de información nas axendas, rexistros de conduta... Informar sobre as medidas de atención á diversidade e facer seguimento en colaboración coa familia e o DO.	Mestre-titor/a	Entrevista individual con petición previa por parte do titor/a ou da familia para trata aspectos concretos e xerais do desenvolvemento do alumno/a. (Priorizarase a opción telemática fronte a presencial, segundo o Protocolo Covid)	Horario de atención ás familias (os martes de cada semana na hora establecida para tal fin).
		Titor/a +xefe do DO	Entrevista individual con petición previa por parte do titor/a, a orientadora ou da familia para trata aspectos concretos e xerais do desenvolvemento do alumno/a.	No horario de atención ás familias ou en horario acordado coa xefatura do DO.

		Dirección	Elaboración de documentos divulgativos, empregando unha linguaxe clara e sinxela que facilite a interretación das familias no que teña que ver con aspectos organizativos e metodolóxicos, ou da convivencia.	Segundo as necesidades do momento. De modo claro na PXA do centro, por ser un documento de carácter público a toda a comunidade educativa.
		Titor/a	Entrega do boletín de cualificacións, así como informes elaborados polas especialistas de PT e AL, de ser o caso.	Con carácter trimestral.

8.3. Actividades de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	ACTIVIDADES	DATA
1. Axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do seu grupo-aula.	Adaptar os aspectos curriculares ás necesidades do grupo.	Titor/a mestres que imparta clase ao alumno con neae.	Programación de aula.	Setembro e resto do curso académico.
2. Realizar o seguimento individual de cada alumno.	Rexistro de seguimento sobre aspectos traballados, obxectivos acadados, progresos, necesidades...	Titor/a.	Recollida de información mediante a avaliación inicial e a observación sistemática dentro de aula ordinaria.	Ao longo do curso.
3. Realizar a detección de posibles necesidades no seu alumnado para	Rexisto e observación de necesidades	Titor/a e equipo docente.	Avaliación inicial. Actividades en aula ordinaria. Observación.	Importante realizar unha detección das necesidades

intervir de maneira precoz.				o máis pronto posible.
4. Potenciar a participación e a inclusión do alumnado no proceso de E-A e nas actividades de aula.	Deseñar actividades multinivel na que teña cabida o traballo colaborativo entre alumnado diverso , na que todos e todas poidan aprender na medida das súas posibilidades.	Titor/a e equipo docente.		Ao longo do curso escolar.
5. Establecer canles de comunicación e coordinación coa xefa do DO e as especialistas que traballan co alumnado con NEAE.	Realizar reunións de seguemento e coordinación co profesorado titor sobre os alumnos que atende o DO.	Titor/a. Especialista de PT e AL. Xefa do DO.	Reunións no DO.	O último martes de cada mes no horario de reunión establecido para coordinacións co DO ou cando teña permanenza no centro a xefa do DO, de tratarse dunha cuestión urxente.
6. Realizar as adaptacións curriculares propias das áreas que imparte, naqueles casos nos que se consideren pertinentes.	Reunión coa Xefatura de Estudos nas que participará o titor/a, a xefa do DO, os mestres que impartan as áreas obxecto de adaptación e os especialistas de PT e AL, se traballan co alumno, a fin de valorar a pertinencia de realizar unha ACS ao alumno.	Xefa de Estudos Titor/a. Especialista de PT e AL. Xefa do DO. Mestres que impartan as áreas obxecto de ACS.	Concreción de necesidades. Valorar a pertinencia da ACS. Concretar as áreas e os elementos curriculares susceptibles de ser adaptados.	En calquera momento do curso académico. Preferiblemente cando se detecten necesidades importantes que xustifiquen a súa pertinencia.

7. Valorar o nivel de consecución dos obxectivos previstos nas programacións de aula e nas ACS.	Valorar segundo os aspectos programados. Considerar a avaliación continua e os progresos do alumnado. Ter en conta as observacións e valoracións dos especialistas que traballan co alumnado neae.	Titor Mestre que imparte área adaptada. Coas observacións realizadas polos especialistas.	Avaliación da práctica docente. Memoria Propostas de mellora.	Na avaliación trimestral e final.
---	--	---	---	-----------------------------------

8.4. Actividades de organización da aula coa finalidade de favorecer un clima axeitado para a convivencia e o traballo escolar.

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	ACTIVIDADES	DATA
1. Motivar ao alumnado e promover accións para a súa participación nas tarefas de centro e para a interiorización de condutas favorecedoras da convivencia.	Organización e funcionamento de aula (recunchos, espazos, encargados,...). Normas de aula. Consecuencias positivas e negativas ante o cumprimento/incumplimento das mesmas.	Titor/a. Resto de equipo docente. Xefatura do DO.p	Presentación do plan de convivencia do centro, que está recollido dentro do NOF. Coñecemento das normas de centro/aula. Elección do delegado/a.	Setembro.
2. Fomentar actitudes de participación nas actividades de centro/aula.	Participación do alumnado e das familias nas actividades de centro/ aula.	Titor/a Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Equipo de actividade complementarias e extraescolares. Equipo de Biblioteca.	Preparación e participación nas actividades previstas na PXA.	Ao longo do curso.
3. Inculcar valores positivos para a convivencia no centro e para a vida en	Interiorización de valores a partir da reflexión persoal e crítica de situacións reais, fomentando	Titor/a O resto do Equipo docente. Orientador/a.	Deseño de actividades para traballar as diferentes	Segundo as necesidades do momento.

sociedade.	sempre o respecto pola diversidade de opinións, a empatía e as diferenzas.		conmemoracións. Programa de HHSS, mediación escolar, Educación emocional, debates que fomenten o espírito crítico no alumnado sobre temas sociais controvertidos que afecten a convivencia pacífica.	
4. Fomentar actitudes de respecto á diversidade do alumnado.	Cofecemento e achegamento ás características persoais do alumnado con NEAE.	Titor/a. Equipo Docente. DO.	Actividades de información sobre as características persoais de certo alumnado e aquelas derivadas do seu trastorno, a fin de promover a inclusión e o respecto á diversidade.	Ao longo do curso.

8.5 Actividades para a coordinación do profesorado con respecto da función titorial.

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	ACTIVIDADES	DATA
1. Desenvolvemento adecuado do PAT	Coordinar as accións entre os distintos membros do equipo docente, equipos do centro e Departamentos, en relacións cos obxectivos, proxectos e actividades fixadas no PAT.	Dirección Titor/a. Resto de equipo docente. Xefatura do DO.	Organización do calendario de reunións, elaboración de actividades,...	Ao longo do curso.
2. Asumir como tarefa propia docente a acción titorial e orientadora ao alumnado.	Colaborar na elaboración e revisión do PAT. Presentar ao alumnado e ás familias os plans e programas demandando a súa	Titor/a. Equipo docente. Orientador/a.	Sesións de elaboración e revisión do PAT. Desenvolver as accións titoriais segundo o Plan.	Ao longo do curso.

	colaboración.			
3. Realizar unha coordinación eficaz entre niveis.	Definir e asumir entre o equipo docente os criterios de promoción. Establecer as medidas de atención á diversidade nas decisións de promoción e non promoción.	Titor/a. Equipo docente. Orientador/a.	Programa de transición de infantil a primaria, de primaria á ESO, dun nivel a outro, incorporación do alumnado de centros adscritos...	Segundo as datas.
4. Coordinarse para levar a cabo unha correcta avaliación do proceso de E-A.	Reunións de periódicas de seguimento sobre o proceso E-A do alumnado. Avaliación da propia práctica docente.	Titor/a. Equipo docente. Orientador/a. Dirección.	Reunións dos equipos de nivel. Sesións de avaliación.	Ao longo do curso.

8.6 Actividades de apoio do Departamento de Orientación ao PAT.

OBXECTIVO	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	ACTIVIDADES	DATA
1. Establecer criterios e procedementos coa XE para a organización e funcionamento das titorías.	Revisión do PAT considerando as directrices da CCP. Concreción das actividades comúns e específicas para cada nivel e etapa.	Xeda de estudos. Orientador/a.	Reunións iniciais da CCP, XE e titores.	Setembro.
2. Coordinar a acción tutorial por niveis e etapas.	Reunións periódicas coa XE e titores, para planificar, coordinar e avaliar actuacións conxuntas e individuais.	Titor/a. XE Orientador/a.	Reunións de Orientador/a, XE e titores.	Ao longo do curso.
3. Realizar as avaliacións psicopedagóxicas.	Valorar casos individuais a partir da demanda recibida pola detección de necesidades educativas.	Orientador/a. PT AL	Cuestionario de demanda, recollida de información polo titor/a sobre aspectos relevante para a AV. PS, aplicación de probas	Ao longo do curso. Preferiblemente tras avaliación inicial ou os resultados do primeiro trimestre.

			estandarizadas, valoración de resultados, conclusións, elaboración do informe psicopedagógico, deseño da intervención e organización dos apoios polos AL e PT.	
4. Facilitar estratexias aos titores para mellorar o clima de traballo na aula e a relación entre o alumnado.	Asesoramento en técnicas de dinámicas de grupos, relacións interpersoais, técnicas de observación e entrevistas.	Titor/a. Orientador/a.	Reunións de Coordinación orientador/a-titor/a.	Segundo demanda.
5. Avaliación do PAT.	Indicación dos procedementos e instrumentos para a avaliación.	Orientador/a. Xefa de Estudos. Titores	Reunión da CCP.	Mes de maio.

9. Seguimento e avaliación

Para realizar o seguimento e avaliación das actuacións previstas neste PAT, os diferentes profesionais reuniranse sistematicamente, a poder ser, tralas sesións de avaliación e de información ás familias. Deste modo, realizaremos unha avaliación conxunta das actuacións que se desenvolveron, que clases foron sufrindo modificacións, de darse o caso e como se adaptaron.

A modo de síntese, algúns dos criterios que temos en conta para a avaliación do PAT, son:

1. Eficacia, relación entre o previsto e o acadado.
2. Eficiencia, relación entre o alcanzado e os medios aplicados.
3. Satisfactoriedade, relación entre o programado e o realizado.
4. Suficiencia, relación entre os obxectivos do plan e as necesidades existentes.
5. Pertinencia, adecuación ás necesidades establecidas.
6. Coherencia, grao de consistencia das propostas.
7. Obxectividade, adecuación á principios científicos e prácticos.
8. Aplicabilidade ou funcionalidade, capacidade de solución.

En Ferrol, a 25 de setembro de 2020

A xefa do Departamento de Orientación